


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

18-19 de xullo do 2026

XVI SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ **nº 7** *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe Xesús achéganos a unha realidade que todos vivimos e que moitas veces non queremos recoñecer, pois na parábola do trigo e o xoio (herba ruín) pon diante de nós a realidade do ben e do mal. Todos temos a experiencia de sentir na nosa vida estes dous camiños.

As outras dúas parábolas que conta Xesús son para comparar o Reino de Deus coa mostaza e co fermento que unha muller bota para que levede o pan. Así Xesús achéganos a estas dúas cousas que son tan pequenas que case non as temos en conta, pero a súa función é facer grande aos demais. Moitas veces son as cousas máis pequenas, as que dan sentido a nosa vida cotiá.

Hoxe nós damos froito escoitando e vivindo a Palabra nas cousas máis pequenas e ordinarias da nosa vida.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A vida dinos que vale a pena compartir con todas as persoas que acollen e que teñen tempo para os demais. Agora, con Xesús, distinguimos ben de mal, e dámonos conta da importancia das cousas pequenas e sinxelas.*

Estas son as nosas palabras coas pedimos perdón:

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón porque ás veces sementamos máis mal que ben. Señor, ten piedade de nós
- ✓ Pedimos perdón porque as veces só nos preocupan as cousas grandes e espectaculares, e desprezamos a moitas persoas por seren sinxelas. Cristo, ten piedade de nós
- ✓ Pedimos perdón polas veces que coas nosas rutinas e costumes non deixamos que o evanxeo medre dando froito. Señor, ten piedade de nós

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que de verdade saibamos dar importancia as cousas pequenas do noso día a día. Hoxe amosamos a nosa dor de corazón por todos os incendios que están matando a terra e a vida.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, ten compaixón dos teus fieis e échenos cos dons da túa graza.

Aviva en nós a fe, a esperanza e a caridade, para que gardemos sempre a túa Palabra con coherencia e responsabilidade.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor.

Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As Palabras de Xesús no Evanxeo de hoxe son para nós un motivo de esixencia na responsabilidade de distinguir ben de mal.*

Tamén nestes tempos se nos pide responsabilidade e coherencia nas cousas pequenas para seguir facendo crible o evanxeo, por iso os nosos froitos son na medida das pequenas cousas.

LECTURA DO LIBRO DA SABEDORÍA

Non hai, fóra de ti, un Deus que se considere de todas as cousas, a quen tiveses que probar que non xulgaches inxustamente; Xa que o teu poder é a fonte da xustiza, e seres ti o dono de todo lévate a amosarte indulxente.

Só fas proba da túa forza cando non se dá creto á totalidade dese poder confundindo a audacia dos que o coñecen; así, dominando a túa forza, xulgas con equilibrio gobernándonos con toda consideración, pois na man tes o poderío cando queres.

Con feitos semellantes ensinaches ao teu pobo que ao xusto lle cómpre ser humano; e a teus fillos décheslle a ditosa esperanza de concederlles despois dos pecados tempo de se arrepentir.

Palabra do Señor

🎵 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 225 Mt 13, 24-43 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel día Xesús contoulles outra parábola:

- Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. Pero mentres todos durmían, o seu inimigo veu sementar xoio (herba ruín) no medio do

trigo e marchou. Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.

Os criados do dono fóronlle dicir: "Señor, ti non sementaras boa semente na túa leira? De onde lle vén, logo, o xoio tan ruín?"

El contestoulles: "Isto é obra dun inimigo".

Os criados preguntáronlle: "Queres que o vaíamos arrincar?"

El respondeulles: "Non, non sexa que ao coller o xoio arrinques tamén o trigo. Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir aos segadores: Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca".

E contoulles Xesús outra parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante a un gran de mostaza que un home sementou na súa horta. A mostaza vén sendo a máis pequerrecha de todas as sementes; pero cando medra chega a ser meirande que todas as hortalizas, converténdose nunha árbore; de tal xeito, que mesmo os paxaros veñen facer o niño nas súas pólas.

Díxolles outra parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante ao fermento que unha muller amasou en tres medidas de fariña ata que todo levedou.

Todo isto lle falou Xesús en parábolas. Entón, deixando á xente, foise para a casa. Achegáronselle os seus discípulos e pedíronlle:

- Explicáanos a parábola do xoio na leira.

El respondeu:

- O que sementa a boa semente é o Fillo do Home; a leira é o mundo; a boa semente son os fillos do Reino; o xoio son os fillos do Malo. O inimigo que a sementa é o Satán; a sega é a fin do mundo e os segadores son os anxos. E así como se entrecolle o xoio e se bota no lume, así pasará na fin do mundo. Mandará o Fillo do Home os seus anxos, e quitarán do seu Reino todos os escándalos e a todos os que fan o mal; e botaranos no forno do lume, onde será o pranto e o renxer dos dentes. Entón, os xustos resplandecerán coma o sol no Reino de seu Pai. Quen teña oídos que escoite.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón



PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo Pai que Ti sempre estás á nosa beira, despois de escoitar a Xesús, proclamamos coas nosas voces o credo que queremos sementar como igrexa:

🎵 *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai que nos creou á súa imaxe, que nos anima ao ben para dar exemplo de Vida, de Paz e de Xustiza?

🎵 *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Cremos en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a medrar dando froito?

🎵 *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Cremos no Espírito de Deus, que nos axuda a distinguir o ben do mal e que nos dá forzas para medrar no evanxeo?

🎵 *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Cremos na Igrexa, comunidade que se fai crible en comunidades sinxelas e pequenas como a nosa?

🎵 *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos por Xesús, no espírito de querer ser sementes de boas novas, imos rezar xuntos dicindo:*

Señor, axúdanos a medrar

Monitor/a:

✓ Por nós, para sermos igrexa que ofrece escoita, tolerancia e respecto, oremos

✓ Polas persoas pacíficas, para que, co seu xeito de enfrontarse ás dificultades, nos deamos conta de que, tender mans, é un bo camiño, oremos

✓ Polas persoas que son coherentes, para que co seu xeito de vivir nos sigan dando alento para nós camiñar distinguindo o mal do ben, oremos

✓ Polas persoas preocupadas polos demais, para que polas súas actitudes de compartir nos sigan demostrando que nós podemos facelo, oremos

✓ E pedimos por todos nós para que sempre nos preocupemos por coidar a terra e a natureza que temos nas mans para regalar ás xeracións vindeiras, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acollendo as nosas preocupacións e desexos e convidáenos a medrar dando froitos de boas obras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *O sabernos irmáns é unha razón que nos leva a realizar boas obras para aos outros. Somos fillos dun mesmo Pai e por iso rezamos*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús sementa paz coas súas palabras. Que nós saibamos ser fermento desa mesma vida con todos aqueles que a sociedade ten menos en conta e se senten pequenos. Podemos agora preguntarnos que espera de nós a humanidade?, que froitos se esperan de cada un de nós?, que lle podemos ofrecer de bo a esta terra e a este tempo?, en que podemos mellorar?. Agora é hora de dar unha man de paz.*



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: Participar hoxe nesta celebración é querer medrar facendo o mundo ao xeito de Xesús.

Ditosos nós que estamos convidados a sementar evanxeo e facelo crible nas cousas pequenas.

Ditosos nós por poder participar na mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, dámosche as grazas porque asistes con bondade ao teu pobo.

Ti que nos enriqueces con este compartir de fe, axúdanos a dar froitos de boas obras sendo capaces de superar incoherencias e egoísmos.

Grazas polo exemplo que nos das en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús queremos dar grazas pola vida sinxela das persoas que nos teñen ensinado a vivir,


con Xesús o evanxeo facémolo crible cos feitos da xustiza, da fraternidade e da tolerancia,

con Xesús damos grazas a Deus Pai por todas as persoas que nos axudan a medrar coma crentes

Parábola de Xesús do trigo e a herba ruín



Parábola da semente da mostaza



Parábola do fermento na fariña



Avísase das misas (ver folla do mes)

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus**

🎵 **nº 56 Ide e pregoade a nova de Deus**